

Ola, amiguiños e amiguiñas!

Somos PATRICIA E ÁLEX, e escribímosvos desde KALANDRAKA, unha editorial que publica libros para nenos e nenas de todo o mundo.

O noso traballo é moi divertido. Percorremos as escolas de Galicia levando dun lugar a outro as historias que saen da nosa fábrica de soños.

Ben seguro que coñecedes máis dunha!

ÁLEX é músico, e por iso leva na súa maleta os seus instrumentos favoritos para acompañar as máis divertidas historias. Ata ten un que respira e parece estar vivo, é... UN ACORDEÓN!

Eu, PATRICIA, conto e canto. Sei moitas historias que de seguro vos gustarán.

Moi pronto visitaremos o voso colexio para convidaros a facer con nós unha viaxe fantástica, chea de música e de palabras para a que non precisaremos nin coches, nin barcos, nin avións. Tan só a vosa imaxinación. Será moi divertido!

Así que estade moi atentos, abrid ben as orellas e preparádevos para comezar a viaxe en canto escoitedes a nosa música na escola.

*Bicos voadores... ata moi pronto!*

**PATRICIA E ÁLEX**

